

A cidade dos escritores

Poucas veces no panorama cultural galego a obra dun autor suscitou tan unánime aceptación por parte da crítica literaria e o público lector como o volume que agora presentamos: *Historia de Ourense*, da autoría de Marcos Valcárcel e que edita Xerais. E iso é así porque o libro de Valcárcel aporta rigor, información actualizada, e pódese ler dun tirón.


En efecto; en apenas setenta páxinas primorosamente redactadas, o noso autor convídanos a descubrir o percorrido vital dunha cidade cunha delonga historia e un moi poderoso legado cultural. Unha viaxe, por antano e hogano, pescudando nas ideas, nos sucesos e na vida oculta dos personaxes que determinaron o acontecer.

Sobre un substrato medieval de notable dinamismo desde o século XII, nace na xeira contemporánea unha nova urbe que ten a máxima expresión no en-

Crónica da vella Auria



XOSÉ ANTONIO LÓPEZ TEIXEIRA



sanche modernista. Esta será a urbe que, na voz de Valcárcel, “acabe de deseñar, xunto coa súa zona antiga medieval, os horizontes da cidade moderna e a súa identidade máis definitiva, ampliada só despois nalgúns barrios desde este esquema primitivo”. Deste xeito, o noso autor centra o seu exame no Ourense contemporáneo porque, como el mesmo refire, “creo necesario amosar a memoria da ci-

dade que nos está máis próxima; a cidade de quen aínda tivemos a sorte de escoitar a memoria oral con persoas como Otero Pedrayo ou Ferro Couselo”. E isto

é así porque a capital do Miño desempeñou unha función de encrucillada, onde converxeron desde antigo comerciantes foráneos e houbo unhas xerazóns culturais esplendorosas, tal a Xeración Nós, na procura da conceptualización do feito diferencial galego.

Marcos Valcárcel reivindica Ourense como unha cidade culta que contribuíu como ningunha outra á reconstrución da nosa identidade colectiva. Estamos, pois, perante un notable exercicio de historia local, onde se presta por igual atención tanto ás orixes como ao período contemporáneo. Valcárcel procura unha historia cultural na que os ourensáns e o resto dos galegos poidamos recoñecer as raíces. Na hora das conclusións, polo tanto, vaian os parabéns a unha obra que constitúe algo máis que unha achega erudita ao pasado dunha vila galega, é o pretexto para exaltar a profunda “ourensanía” de alguén ao que si cómpre ler.

VALCÁRCEL, Marcos, Historia de Ourense, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 70 páxinas.